

CONCELLO DE BAIONA

# TRAVESÍA A NADO

09 XULLO 2023

11.00 HRS

PRAIA LADEIRA

GRAN PREMIO  GRUPO EURORED

# NORMATIVA





### 1. ORGANIZACIÓN

EXCMO. CONCELLO DE BAIONA - CONCELLERÍA DE DEPORTES e ACTIVIDADES MARÍTIMAS.

### 2. PATROCINIO E COLABORACIÓN

CARREFOUR MARKET SABARIS  
ARENA  
MRCYB  
PROTECCIÓN CIVIL VAL MIÑOR  
CAIXABANK  
CHAMPIONCHIP NORTE

COCACOLA  
PARADOR CONDE DE GONDOMAR  
SHAFIRE BEACH CLUB & FOOD  
GALICIA ACTIVA  
VAL MIÑOR TV

### 3. CALENDARIO

DATA EVENTO 09 XULLO DE 2023

LUGAR DO EVENTO PRAIA LADEIRA

PROBAS	<b>SUB 12 MIXTO</b>	(2011 - 2015)	11.00 h	100 metros
	<b>SUB 16 MIXTO</b>	(2007 - 2010)	11.15 h	500 metros
	<b>ADULTOS MIXTO</b>	(1982 - 2006)	11.30 h	2000 metros
	<b>VETERANOS</b>	(+1981)	11.30 h	2000 metros

**ENTREGA DE PREMIOS** 13.30 h  
(CHORIZADA CARREFOUR + SHAFIRE FOOD CLUB)

### 4. MODALIDADE DA PROBA

Proba de carácter mixto competindo ambos sexos ao mesmo tempo e eminentemente popular, primando os valores sociais e ociosos antes que o competitivo.

### 5. CATEGORÍAS

Establécense as seguintes categorías:

- A) **SUB 12** (anos 2011 - 2015) masculino e feminino.
- B) **SUB 16** (anos 2007 - 2010) masculino e feminino.
- C) **ADULTOS** (anos 1982 - 2006) masculino e feminino.
- D) **VETERANOS** (desde 1981) masculino e feminino.
- E) **CATEGORÍAS DE LOCAIS** (masculinos e femininos – censados en Baiona desde o ano anterior ao desenvolvemento do evento e actualmente censado).
- F) **TROFEOS POR EQUIPOS** (só para participantes en categoría de adultos e veteranos). Computarase polos puntos conseguidos pola suma dos compoñentes do mesmo sendo como mínimo de 1 membro e máximo 5, alcanzando tantos puntos como participantes quedasen por detrás de cada posición na clasificación absoluta da travesía de adultos Os membros femininos suman dobre a súa puntuación.

A **idade mínima** para participar establécense nos **8 anos** (2015). Os participantes menores de idade requiren dunha autorización dun titor responsable para a súa inscrición.

### 6. TROFEOS

**PREMIOS:** Trofeos para os 3 primeiros de cada categoría: masculina e feminina. (SUB 12, SUB 16, ADULTOS E VETERANOS).

Teremos tamén trofeos para os vencedores absolutos; Masculino, Feminino, Primeiro Baionés e Primeira Baionesa. Os premios non serán acumulables sendo os seguintes clasificados en entrar en meta despois dos vencedores absolutos os primeiros clasificados na súa presente categoría.

As probas realizadas son de carácter mixto.

Tamén temos premio especial para o participante máis novo e para o máis maior. Amenizaremos a entrega de premios co desfrute dun choripan, xentileza de Carrefour Market + Shafire Food Club.

Unha vez finalizadas as distintas probas realizarase unha rápida entrega de premios e un sorteo de material deportivo e/ou noites e ceas con aloxamentos entre todos os participantes.

### 7. INSCRICIÓNS

1. A través da plataforma **WWW.CHAMPIONCHIPNORTE.COM**
2. Físicamente no **PAVILLÓN MUNICIPAL DE BAIONA**
3. A través da **APP** Baiona Co Deporte en <https://baionacodeporte.gal/>

**DATA APERTURA INSCRICIÓNS:** Desde a publicación deste regulamento.

**DATA PECHE DE INSCRICIÓNS:** 05 de Xullo ás 12.00 h.

**NÚMERO DE PRAZAS LIMITADO** por rigorosa orde de inscrición.

**PREZO: 5€** a ingresar en **ES20 2100 1821 6802 0000 0539 (LA CAIXA) | Concello de Baiona.**

**CONCEPTO:** 13ª TRAVESÍA A NADO + nome do participante.

Os participantes das categorías **SUB 12** e **SUB 16** a súa participación será gratuíta.

Enviar xustificante do ingreso acompañado da folia de inscrición nas oficinas do Pavillón de Deportes Municipal de Baiona ou a través do email [deportes@baiona.gal](mailto:deportes@baiona.gal) especificando nome do participante.

O prezo inclúe camiseta conmemorativa, seguro de accidentes e bolsa de avituallamento.

### 8. RECOLLIDA DE DORSAIS

Os dorsais serán entregados aos participantes o día 09 de Xullo a partir das 10.00 h na Praia da Ladeira (lugar de saída).

Os participantes deberán recoller o seu dorsal e chip identificativo antes do inicio de cada proba e verificar a súa presenza e participación á organización.

Existe servizo de “garda roupas” para que os participantes poidan entregar as súas pertenzas mentres realizan a proba.

Podedes ducharvos e cambiarvos nas instalacións do pavillón municipal de Baiona.

### 9. EQUIPAMENTO

**Gorro** que entrega a organización (obrigatorio) e **Neopreno** (opcional).

Obrigatorio levar o dorsal que entrega a organización nun lugar visible para o control e rexistro de clasificacións (será motivo de descualificación o non presentar o mesmo en liña de meta).



### 10. CONSIDERACIÓN TÉCNICAS

#### DESCRIPCIÓN DO PERCORRIDO (ACHÉGASE MAPA DESCRITIVO)

Como é obvio, é obrigatorio realizar os percorridos sinalizados en cada unha das categorías, incluíndo os xiros sobre as boias tal e como sinalan os planing de cada unha das distancias, aqueles que así non o realicen deberán volver e realizalo correctamente se non queren ser descualificados polos xuíces de mar que nos informarán de todas as incidencias.

#### MOI IMPORTANTE!

Teremos cronometraxe oficial a través de ChampionChipNorte, sendo totalmente obrigatorio participar co chip que fai entrega a organización así como a súa devolución ao final do evento.

#### MATERIAL QUE SE ENTREGA

A todos os participantes a organización fará entrega de: gorro de participación obrigatorio con número de dorsal, bolsa de avituallamento á chegada, bebida, dorsal para identificar bolsa de gardarroupas e camiseta conmemorativa do evento.

### 11. CONSIDERACIÓN PARTICULARES

Todo participante deberá ser consciente da dureza e esixencia física do percorrido presentando un nivel de preparación física e de adestramento que lle permita realizar o mesmo con garantías e unha vez que tramita a inscrición no mesmo faio de carácter voluntario e exime aos organizadores de responsabilidade algunha pola súa participación voluntaria asumindo os riscos propios que o presente evento esixe.

**Dereitos de Imaxe.** A aceptación da presente normativa inclúe a autorización por parte da organización da utilización de imaxes para a promoción e difusión do evento.

### 12. SUSPENSIÓN DA PROBA

A organización establecerá e decidirá se as condicións son as adecuadas para o desenvolvemento do evento podendo decidir a súa suspensión no caso de que as garantías de seguridade non se vexan as adecuadas.



## CATEGORÍAS

**SUB 12**

2011 ó 2015

11.00 HRS - 100 MTS.  
1 VOLTA

**SUB 16**

2007 ó 2010

11.15 HRS - 500 MTS.  
1 VOLTA

**ADULTOS**

1982 ó 2006

11.30 HRS - 2000 MTS.  
2 VOLTAS

**VETERANOS**

ANTES DE 1981



# SUB 12

# 2011 ó 2015

## 11.00 HRS - 100 MTS.

## 1 VOLTA





# SUB 16

# 2007 Ó 2010

## 11.15 HRS - 500 MTS.

# 1 VOLTA



# ADULTOS VETERANOS

1982 ó 2006 ANTES DE 1981

11.30 HRS - 2000 MTS.

2 VOLTAS